

PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA QUE ESTEA IMPARTINDO MATERIAS DE 2º DE BACHARELATO DURANTE O CURSO 2009/2010



Ficha de datos que debe encher o profesorado de Centros Públicos de Educación Secundaria que desexe intervir na Proba de Acceso á Universidade (PAU) durante o curso 2009/2010

Datos persoais:

Apelidos		
Nome		NIF
Enderezo (Rúa/Praza/Avda.)	Nº	Andar
Localidade		Provincia
Código Postal	Teléfono Part.	
Teléfono Móbil		Correo electrónico

Datos académicos:

Instituto

Indique a materia ou materias de Bacharelato LOE que imparte no presente curso académico:

1.- _____ 2.- _____

Indique cun X a materia ou materias que desexa corruxir na PAU do presente curso:

<input type="checkbox"/> Bioloxía	<input type="checkbox"/> Historia da Arte	<input type="checkbox"/> Matemáticas II
<input type="checkbox"/> CC. da Terra e Ambientais	<input type="checkbox"/> Inglés	<input type="checkbox"/> Matemáticas Apl. CC. Soc. II
<input type="checkbox"/> Debuxo Técnico II	<input type="checkbox"/> Latín II	<input type="checkbox"/> Química
<input type="checkbox"/> Economía da Empresa	<input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literat. II	<input type="checkbox"/> Xeografía
<input type="checkbox"/> Física	<input type="checkbox"/> Lingua Galega e Literat. II	
<input type="checkbox"/> Grego II	<input type="checkbox"/> Literatura Universal	
<input type="checkbox"/> Historia de España		<input type="checkbox"/> Historia da Filosofía

Indique cun X a comisión ou comisións nas que desexa intervir no presente curso:

Desexa participar como membro da Comisión de Avaliación na convocatoria de: <input type="checkbox"/> Xuño <input type="checkbox"/> Setembro
Desexa participar como membro da Comisión Delegada na convocatoria de: <input type="checkbox"/> Xuño <input type="checkbox"/> Setembro

D./a

declara que non se encontra incurso/a en causa de abstención das previstas no artigo 28 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (*)

Sinatura do/a interesado/a:

Data: ____ de _____ de 200__

Remitir á CiUG antes do 12 de febreiro de 2010, **por correo** (CiUG, Campus Universitario Sur, Facultade de Dereito, 3º. 15782 - Santiago). Poderán adiantarse as solicitudes por fax (981-528081) ou por correo electrónico (ciug@cesga.es)

INFORMACIÓN:

1.- As probas e a avaliación dos exames realizaranse nas seguintes datas:

<u>Xuño:</u>	<u>Probas:</u>	días 16, 17 e 18
	<u>Recollida de exames:</u>	día 19
	<u>Entrega de exames corrixidos:</u>	días 24 ou 25
<u>Setembro:</u>	<u>Probas:</u>	días 15, 16 e 17
	<u>Recollida de exames:</u>	día 18
	<u>Entrega de exames corrixidos:</u>	día 23

2.- As Comisións Delegadas constituiranse os días 15 de xuño e 14 de setembro ás 18:00 horas nas sedes onde se celebran as PAU.

Os/As vocais das Comisións de Avaliación deberán asistir obrigatoriamente ás reunións que convocará o/a Director/a de cada materia coa finalidade de recibiren as instrucións sobre os criterios específicos de corrección (días 19 de xuño e 18 de setembro, na sede da CiUG).

3.- O nomeamento de vocais das Comisións de Avaliación e Delegada farase para cada unha das convocatorias.

4.- Os/As vocais das Comisións Delegadas deberán colaborar en todas as tarefas de vixilancia que lles sexan encomendadas polo/a Presidente/a da Comisión.

5.- As retribucións que percibirán os membros das comisións en cada convocatoria para o presente curso serán as seguintes, redondeadas co incremento do IPC.

- Presidente de Comisión Delegada:	575 euros
- Secretario de Comisión Delegada:	500 euros
- Vocal de Comisión Delegada:	355 euros
- Presidente de Comisión de Avaliación:	570 euros
- Vocal de Comisión de Avaliación:	455 euros

6.- Cando un membro forme parte da Comisión de Avaliación e da Comisión Delegada, a retribución que percibirá será o 80 % da suma das gratificacións que lle corresponden pola súa actuación en cada comisión.

7.- Na elección de vocais para unha e outra comisión, terase en conta dun xeito favorable que o/a solicitante desexe participar en ambas as comisións. Do mesmo xeito, unha vez feitos os nomeamentos, a renuncia a participar nunha das comisións farase extensiva para a outra.

*** (Punto segundo do artigo 28 da lei 30/1992 do 26 de novembro)**

2. *Son motivos de abstención os seguintes:*

- Ter interese persoal no asunto do que se trate ou noutro no que, para a súa resolución, puidese influir a resolución daquel; ser administrador/a de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado/a.*
- Ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado/a con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.*
- Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.*
- Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.*
- Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.*